CONSEGUE O TEU SELO

Reúne **5 selos** no teu pasaporte científico e **consigue un agasallo**!

		A CLAVE É A COR	CAPTURANDO A REALIDADE DAS INFRAESTRUTURAS
ESCANEANDO O BOSQUE	SEGURIDADE VIARIA NO MUNDO VIRTUAL	FIBRAS 50 VECES MÁIS FINAS QUE UN PELO DA MIÑA CABEZA!!	POR QUE A ENERXÍA VERDE PRECISA UN ALMACÉN?
DRACARYS	TERMOGRAFÍA INFRAVERMELLA	MAXIA OU CIENCIA? O SORPRENDENTE MUNDO DOS MATERIAIS	LAPIS DE IMPRESIÓN 3D
DAS ROCHAS AO TEU PETO: OS MINERAIS QUE UTILIZAS CADA DÍA	BIOMATERIAIS DE HOXE E DE MAÑÁ	GAFAS DE REALIDADE VIRTUAL: O TRIÁNGULO DO LUME	ALERTA VERDE: SALVA O TEU CENTRO COA MISIÓN CINTECX

Podes recoller o teu premio no punto de información.

SEGUE EXPLORANDO E CONECTA COA CIENCIA!

#SOMOSCINTECX

Síguenos en nuestras redes sociales

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado por la Unión Europea

Fondos Europeos

Universidade Vigo

CINTECX. Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais


cintecx.uvigo.es
cintecx@uvigo.gal
986130223

CINTECX

VII EDICIÓN · 2026

XORNADA DE CIENCIA ABERTA

INVESTIGACIÓN QUE CONECTA COA TUA CIDADE



Universidade Vigo

CIENCIA ABERTA | CINTECX

QUE É O CINTECX?

No Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais da Universidade de Vigo, traballamos para avanzar no coñecemento científico e tecnolóxico e contribuír a dar resposta aos retos da sociedade.

Con estas xornadas queremos achegar a investigación á cidadanía, compartir o traballo que desenvolvemos e amosar as aplicacións da ciencia e da enxeñaría en ámbitos como a enerxía, os materiais, o medio ambiente e as novas tecnoloxías.

A través de actividades prácticas e experiencias divulgativas, convidámoste a coñecer de preto a investigación e descubrir como contribúe a transformar o noso día a día a través das nosas áreas tecnolóxicas:

- Electrónica e Automática
- Fabricación e Materiais
- Enxeñería Biomédica
- Transporte
- Enerxía
- Sustentabilidade e Recursos

PROGRAMA

10:00 H - 14:00H
CENTROS EDUCATIVOS

O alumnado de educación secundaria e bacharelato participará nun percorrido por diferentes actividades científicas e tecnolóxicas, cun formato de busca do tesouro

17:00 - 20:00 H
PÚBLICO XERAL

- 17:00H - 20:00H: Visita a Stands
- 18.00H - 18.20H: Show científico
- 19.00H - 19.20H: Show científico

ACTIVIDADES

A CLAVE É A COR

Como se comportan os contaminantes coloreados? Descubre, a través da experimentación, os procesos de degradación e dilución que permiten estudar estes compostos.

CAPTURANDO A REALIDADE DAS INFRAESTRUTURAS

O xeorradar, a intelixencia artificial e a realidade mixta axúdannos a detectar danos e riscos nas infraestruturas. Descubre estas tecnoloxías mediante xogos e experiencias interactivas.



ESCANEANDO O BOSQUE

Como podemos estudar un bosque desde o aire? Coñece as tecnoloxías espaciais que permiten analizar a estrutura e a densidade da biomasa forestal.

SEGURIDADE VIARIA NO MUNDO VIRTUAL

Pon a proba as túas habilidades nun simulador de condución e descubre como se poden avaliar os riscos na estrada en tempo real.

FIBRAS 50 VECES MÁIS FINAS QUE UN PELO DA MIÑA CABEZA!!

Descubre como a metroloxía óptica permite medir fibras de vidro extremadamente finas e coñecer as posibilidades desta tecnoloxía.

POR QUE A ENERXÍA VERDE PRECISA UN ALMACÉN?

O almacenamento de enerxía é fundamental para aproveitar as fontes renovables. Descobre o papel das baterías na acumulación da electricidade e na estabilidade da subministración enerxética.

DRACARYS

Achegámonos á química a través de experimentos visuais para descubrir os procesos que interveñen na combustión.

TERMOGRAFÍA INFRAVERMELLA

Podemos ver a temperatura? Observa imaxes térmicas en tempo real e descubre como a radiación infravermella permite analizar o comportamento dos materiais.

MAXIA OU CIENCIA? O SORPRENDENTE MUNDO DOS MATERIAIS

Magnetismo, enerxía, líquidos con propiedades sorprendentes e estruturas inesperadas. Unha actividade para experimentar coas propiedades dos materiais e descubrir os fenómenos científicos que se agochan detrás deles.

LAPIS DE IMPRESIÓN 3D

Unha actividade para descubrir a fabricación en tres dimensións a través do uso de lapis de impresión 3D, transformando ideas e deseños en creacións con volume.

DAS ROCHAS AO TEU PETO: OS MINERAIS QUE UTILIZAS CADA DÍA

Os minerais forman parte de numerosos obxectos cotiáns. A través dunha actividade práctica, as persoas participantes relacionarán minerais e obxectos de uso habitual para descubrir os elementos químicos que teñen en común.

BIOMATERIAIS DE HOXE E DE MAÑÁ

Unha aproximación á enxeñaría biomédica e aos biomateriais para descubrir as aplicacións biotecnolóxicas e ambientais dos recursos mariños.

GAFAS DE REALIDADE VIRTUAL: O TRIÁNGULO DO LUME

Unha experiencia de realidade virtual para coñecer o triángulo do lume e comprender os elementos necesarios para que se produza a combustión.

ALERTA VERDE: SALVA O TEU CENTRO COA MISIÓN CINTECX

Un videoxogo no que as persoas participantes terán que descubrir as tecnoloxías necesarias para salvar o seu centro educativo dunha catástrofe.

KILL THE BULO

Serás quen de distinguir unha noticia real dun bulo? A través dunha proxección interactiva, analizamos diferentes noticias e descubriremos cales son verdadeiras e cales son falsas. Unha actividade para poñer a proba o pensamento crítico e aprender a identificar a desinformación.

